

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

15244 Orde TED/980/2021, do 20 de setembro, pola que se modifica o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

A conservación da biodiversidade silvestre foi regulada, a escala estatal, a través do título III da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. O primeiro capítulo deste título establece a posibilidade de outorgar réximes especiais de protección a aquelas especies, subespecies e poboacións de flora e fauna silvestres cuxa situación así o requira. Para isto, o artigo 56 da lei crea a Lista de especies silvestres en réxime de protección especial (en diante, Lista), en cuxo seo, segundo o artigo 58, e especificamente para os taxons ou poboacións da biodiversidade ameazada, se establece o Catálogo español de especies ameazadas (no sucesivo, Catálogo).

Tanto a Lista como o Catálogo foron desenvolvidos, en primeira instancia, a través do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas. Posteriormente, ambos os instrumentos foron modificados en diferentes ocasións para a súa necesaria actualización a través de diferentes ordes ministeriais, en concreto, as seguintes:

Orde AAA/75/2012, do 12 de xaneiro, pola que se inclúen distintas especies na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial para a súa adaptación ao anexo II do Protocolo sobre zonas especialmente protexidas e a diversidade biolóxica no Mediterráneo.

Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto, pola que se modifica o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo, pola que se modifica o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

Orde TEC/596/2019, do 8 de abril, pola que se modifica o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

Orde TED/1126/2020, do 20 de novembro, pola que se modifican o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas, e o anexo do Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.

Con isto deuse resposta a diferentes propostas recibidas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico provenientes de particulares, organizacións científicas e administracións, e incluíuse entre elas o mesmo ministerio. As solicitudes de iniciacións do procedemento recibidas, debidamente acompañadas dunha argumentación científica, foron en todos os casos sometidas ao procedemento especificado no artigo 6 do citado Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro.

O artigo 56.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, determina que se inclúen na Lista aquelas especies, subespecies e poboacións merecedoras dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural, singularidade, rareza ou grao de ameaza, así como aquelas que figuren como protexidas nos anexos das normas da Unión Europea e tratados internacionais ratificados por España. O artigo 56.2 desta lei sinala que a inclusión, cambio de categoría ou exclusión de taxons ou poboacións terá lugar nos seguintes supostos: a) por proposta da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, logo da iniciativa das comunidades autónomas ou b) de oficio, polo propio Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. O citado artigo 56.1 sinala que o propio ministerio incluírá de oficio os taxons ou poboacións protexidas nos anexos das normas ou decisións da Unión Europea ou nos tratados internacionais ratificados por España.

Deste modo, tendo en conta que tanto a Lista como o Catálogo son ferramentas dinámicas e suxeitas a actualización permanente, a Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico recibiu e tramitou unha proposta proveniente da Asociación para a Conservación y Estudio del Lobo Ibérico (ASCEL) para a inclusión de todas as poboacións do Lobo (*Canis lupus*) presentes en España no Catálogo na categoría «Vulnerable» ou, na súa falta, na Lista.

Previamente, unicamente as poboacións de *Canis lupus* ao sur do Douro se encontraban incluídas na Lista, de acordo coa modificación desta ferramenta realizada a través da Orde TEC/596/2019, do 8 de abril, pola que se modifica o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas. Esta modificación adecuou o réxime de protección desta especie aos anexos II e IV da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, así como ao anexo V da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Seguindo o procedemento establecido no artigo 6 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, levouse a cabo a preceptiva consulta ao Comité Científico –establecido no artigo 7 do mencionado real decreto–, que recomendou a incorporación de todas as poboacións españolas desta especie na Lista, considerando que a información dispoñible pon de relevo a súa importancia como patrimonio cultural, científico, así como polos servizos ambientais que produce a presenza deste carnívoro nos ecosistemas, e considerou que non son de aplicación a este caso os criterios orientadores para a inclusión de taxons e poboacións no Catálogo español de especies ameazadas, aprobados polo Acordo do Consello de Ministros do 24 de febreiro de 2017 e publicados mediante a Resolución do 6 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural.

A tramitación desta proposta recibiu a aprobación por parte da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade na súa reunión do 4 de febreiro de 2021. Deste modo, resulta posible a modificación da Lista a través de orde ministerial, segundo establece o artigo 6.7 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro. Procede, por tanto, a modificación do anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para que todas as poboacións españolas do lobo (*Canis lupus*) queden incluídas na Lista.

Así mesmo, as medidas de xestión que poidan ser adoptadas polos órganos competentes das comunidades autónomas en aplicación do réxime de excepcións previsto no artigo 61 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, conforme a disposición adicional primeira, estarán suxeitas a unha serie de criterios previstos nesa disposición, no caso de posibles autorizacións de extraccións e capturas de lobos.

Esta orde ministerial dítase de conformidade co previsto no artigo 56 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que regula, con rango legal e básico, a forma en que se levará a cabo a inclusión, cambio de categoría ou exclusión de especies na Lista, así como de conformidade coa disposición derradeira segunda do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, que faculta a persoa titular do

Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para modificar, mediante orde ministerial, o anexo do dito real decreto con obxecto de actualizalo e, se for o caso, adaptalo á normativa comunitaria ou internacional.

Na súa elaboración, a orde seguiu o trámite de audiencia previsto no artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno; foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados e someteuse o proxecto ao trámite de participación pública en materia de ambiente establecido no artigo 16 en relación co artigo 18 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE). Así mesmo, solicitáronse os informes da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, do Consello Estatal do Patrimonio Natural e a Biodiversidade e do Comité Científico creado polo artigo 7 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro.

A orde ministerial adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, en particular, aos principios de necesidade e eficacia, e xustifícase na necesidade de manter permanentemente actualizada a Lista, incorporando aqueles taxons ou poboacións que, de conformidade cos últimos coñecementos científicos e datos técnicos, resulten ser acredores destes réximes de protección específica.

A orde é acorde tamén co principio de proporcionalidade, pois contén a regulación mínima imprescindible para atender a necesidade de cubrir a adopción de medidas de conservación para especies que o requiren, sen que existan outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impongan menos obrigacións aos destinatarios.

De acordo co principio de seguridade xurídica, a norma é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e internacional. A orde ministerial é o instrumento normativo expresamente previsto para cumprir esta finalidade de actualización, segundo a disposición derradeira segunda do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro.

De acordo co principio de transparencia, na elaboración da norma seguíronse todos os procesos de participación e audiencia que establece a normativa vixente.

En aplicación do principio de eficiencia, a norma non contén ningunha carga administrativa e non suporá o incremento dos recursos humanos e económicos dispoñibles pola Administración xeral do Estado.

Por outra parte, as comunidades autónomas e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico están elaborando unha nova estratexia de conservación e xestión do lobo (*Canis lupus*) en España, como instrumento de conservación previsto no artigo 60 da Lei 42/2007, do 13 de decembro. Esta estratexia actualizará a aprobada pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente de 2005.

Esta orde dítase de conformidade coa competencia estatal establecida no artigo 149.1.23.^a da Constitución española.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.*

Con obxecto de modificar a situación de determinadas especies, subespecies ou poboacións (en diante, especies), modifícase o anexo polo que se inclúen na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial, que figura no anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies

silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas, nos seguintes termos:

«A especie que se relaciona a continuación mantense na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial, con modificación das poboacións referidas:

Nome científico	Nome común	Poboación referida
<i>MAMÍFEROS</i> <i>CARNÍVORA</i>		
Canidae. Canis lupus Linnaeus, 1758	Lobo.	Todas.»

Disposición adicional primeira. *Compatibilidade de medidas vixentes.*

1. As medidas de extracción e captura de exemplares que adoptasen os órganos competentes das comunidades autónomas con anterioridade á entrada en vigor desta orde poderán seguir sendo de aplicación, sempre que se axusten ás condicións e ás limitacións previstas no artigo 61.1.b), c) e d) da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e na Estratexia de conservación e xestión do lobo (*Canis lupus*) en España prevista na disposición adicional segunda desta orde.

2. En concreto, poderanse aplicar medidas de extracción e captura de exemplares que contén cunha autorización administrativa que conceda a autoridade competente da Comunidade Autónoma, sempre que cumpran os seguintes criterios:

a) Que non exista outra solución satisfactoria, é dicir, cando se demostrase que se aplicaron adecuadamente, por parte das explotacións afectadas, medidas preventivas ou de protección do gando, e estas resultaron ineficaces, tendo para isto en conta o Catálogo de medidas de protección do gando ante eventos de depredación do lobo, publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, así como outras medidas de protección que fosen previamente valoradas favorablemente pola comunidade autónoma ou para as cales se dispoña de evidencia científica sobre a súa efectividade.

b) Que se xustifique co mellor coñecemento dispoñible que a medida de extracción e captura de exemplares non afecta negativamente o estado de conservación favorable da especie.

c) Que se xustifique a existencia de prexuízos importantes para o gando nas explotacións afectadas, atendendo a posibles danos recorrentes ou significativos.

As medidas deberán ser selectivas, realizarse nun tempo o máis próximo posible ao prexuízo e o máis preto das explotacións afectadas, e deberá realizarse un seguimento da efectividade das actuacións de extracción.

Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través da Dirección Xeral de Biodiversidade, Bosques e Desertificación, as autorizacións administrativas concedidas, para os efectos e nos termos previstos no número 6 do artigo 61 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Disposición adicional segunda. *Estratexia de conservación e xestión do lobo (*Canis lupus*) en España.*

A Estratexia de conservación e xestión do lobo (*Canis lupus*) en España será aprobada pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, de acordo co previsto no artigo 60 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade. Esta aprobación deberá producirse antes do 31 de decembro de 2021 e publicarase na

páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (www.miteco.es) e o seu resumo no «Boletín Oficial del Estado», conforme o previsto no artigo 60.1 da citada lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de setembro de 2021.–A vicepresidenta terceira do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Teresa Ribera Rodríguez.